





A auga alegre

Diego Soage Piñeiro








Unha auga naceu na montaña máis alta do mundo e converteuse no río máis grande de todos facéndose un océano.



O sol brillante iluminouse e
evaporou a auga,
converténdose nunha nube
que pouco a pouco se foi
elevando máis e máis lonxe
ata chegar ao ceo azul.





Un día volveuse negra e empezou a chover,
formando regatos de auga. Correu libremente por
todo o mundo. Chegou a unha fervenza e baixou
coma se fose un tobogán de auga, chegando ata
unha lagoa.

A auga pensou: será a fin do mundo?

Mentres pensaba, atopou un
crocodilo que estaba chorando.

A auga preguntou:

– Por que choras?

O crocodilo contestou:

– Quedei atrapado nesta lagoa, podes
axudarme?



A auga dixo:

– Si, axúdoche; pero tes que levarme ata a montaña.

O crocodilo aceptou e a auga
volveu á montaña.

